



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

gáLICIA

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 25/10/2016 13:55:28

SAÍDA 112202 / RX 1523236



MARÍA DEL CARMEN CAJIDE HERVES
ASOCIACIÓN REDE GALEGA POLA IGUALDADE (REGAI)
ALDEA CARDECIDE, 3
36678 CUNTIS (PONTEVEDRA)

Asunto: Resolución de inscripción de transformación de asociación.

Con data 04/07/2016 recibiu-se solicitude de inscripción da transformación por cambio de ámbito territorial, da ASOCIACIÓN REDE GALEGA POLA IGUALDADE (REGAI), inscrita inicialmente no rexistro de asociacións de Pontevedra co núm. 2011/015828-1ª formulada por MARÍA DEL CARMEN CAJIDE HERVES no nome e representación da dita asociación, con domicilio en R/ CARDECIDE, 3, 36678 CUNTIS (Pontevedra), e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude de inscripción presenta certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral o 11/06/2016, así como o texto íntegro dos estatutos nos cales constan os fins da asociación e se sinala como ámbito territorial de actuación a Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSIDERACIÓN LEGAL:

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumplir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo. O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscripción no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir a ASOCIACIÓN REDE GALEGA POLA IGUALDADE (REGAI); correspondéndolle o núm. 2016/020781-1ª neste Rexistro Central de Asociacións, e depositar no rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscripción non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Esta inscripción formalizase con carácter provisional e converterase en definitiva se no prazo de tres meses a contar desde a recepción desta resolución, non se lle notificase ao interesado a incompatibilidade da súa denominación con outra previamente inscrita.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2016

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

M.ª Amadora Rodríguez Carreira

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede
A secretaría xeral técnica

P.S. Art. 11. Decreto 72/2013
O VICESECRETARIO XERAL

Beatriz Cuiña Barja
Nicolás Vázquez Iglesias

Vº e prace:
O subdirector xeral de Régime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos




RÉGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1.- DENOMINACIÓN.

1. Coa denominación de asociación constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. A asociación ten a seguinte denominación Asociación “Rede Galega pola Igualdade” (REGAI).
2. O logotipo da organización integra a imaxe coa que foi identificando a “Rede provincial Pontevedra pola Igualdade” dende a súa constitución, o nome actual “Rede Galega pola Igualdade” e a abreviatura REGAI.



3. A asociación rexerase polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.

Artigo 2.- FINS.

1. Son fins principais da asociación:

- a. Impulsar decididamente o empoderamento das mulleres, como medio para acadar a súa participación activa en todos os ámbitos da vida política e cidadá, fomentando a aplicación da transversalidade de xénero en todos os plans, programas ou proxectos que se impulsen dende calquera ámbito institucional.
- b. Promover a plena efectividade da igualdade real entre mulleres e homes e a erradicación de todo tipo de discriminación.
- c. Fomentar a investigación e o estudo da realidade dende una perspectiva de xénero en todos os ámbitos, poñendo de manifesto os cambios necesarios para conseguir a igualdade plena de mulleres e homes.
- d. Divulgar o respecto, desenvolvemento e efectividade dos dereitos humanos das mulleres de todo o mundo, en especial, os dereitos consagrados nos instrumentos xurídicos vixentes.
- e. Fomentar a formación en perspectiva de xénero en todos os ámbitos.
- f. Loitar decididamente contra as violencias machistas e a súas causas.



- g. Sensibilizar sobre a realidade dá diversidade sexual e as identidades más aló do esquema monosexual da cultura do xénero.
2. Poderá a asociación desenvolver accións, tales como:
- Organización de encontros, seminarios, conferencias e realización de publicacións, sobre materias relacionadas cos obxectivos da asociación.
 - Cooperación e participación con outras entidades e institucións de carácter local, provincial, autonómico, estatal e internacional na defensa e promoción dos dereitos das mulleres no mundo.
 - Promoción de reunións, encontros, seminarios, conferencias ou outras actividades similares, para estudar e unificar criterios sobre as materias que interesen á asociación.
 - Apoio e promoción de accións tendentes a defender os dereitos e liberdades da cidadanía.
 - Sensibilización da sociedade en igualdade de trato e de oportunidades.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, sen que se poidan repartir entre as persoas asociadas nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

Artigo 3.- ÁMBITO.

A asociación, en función dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá, fundamentalmente, as súas actividades no ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega, con especial influencia na provincia de Pontevedra.

Artigo 4.- DURACIÓN E DISOLUCIÓN.

- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade das persoas asociadas, expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.
- A asociación rexerase segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e do resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5.- DOMICILIO.

O domicilio principal e permanente da asociación radicará na localidade de Cuntis, rúa Cardede, nº 3 C.P. 36678, Cuntis-Pontevedra.

CAPÍTULO II

PERSOAS ASOCIADAS

Artigo 6.- INTEGRANTES.



1. Poderán ser integrantes da asociación todas aquelas persoas físicas, con plena capacidade de obrar, e as persoas xurídicas, tralo acordo do seu órgano competente, que non teñan débedas pendentes coa asociación e que reúnan os seguintes requisitos:
 - a. Compartir os fins para a que foi creada a asociación e os fins recollidos nos seus Estatutos.
 - b. Ser avalada a súa incorporación pola mayoría da Xunta Directiva.
 - c. Ter unha presenza significativa na actividade da asociación.
 - d. Cumprir coa cota anual correspondente.

2. Os acordos de admisión de persoas socias tomaraos a Xunta Directiva, unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.

Artigo 7.- CONDICIÓN DE PERSONA ASOCIADA.

Dentro da asociación poderán existir as seguintes persoas asociadas:

1. Fundadoras, aquellas persoas que subscribieron a acta fundacional.
2. Numerarias, aquellas persoas que ingresaron con posterioridade á subscrpción da acta fundacional.
3. Honorarias, aquellas persoas que, a xuízo da Asemblea Xeral, axuden de xeito notable ao desenvolvemento dos fins da asociación.

Artigo 8.- PERDA DE CONDICIÓN DE PERSONA ASOCIADA.

1. A condición de persoa asociada pérdece:

- a. Por vontade propia.
- b. Por falta de pagamento de 2 cotas.
- c. Por incumplimento das súas obrigas ou a realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación, logo do expediente disciplinario, con audiencia da persoa interesada.
- d. Por falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.

2. A expulsión de persoas asociadas nos supostos dos apartados 1 e 2 do parágrafo anterior será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 9.- DEREITOS.

As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

1. Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o derecho de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

2. Contar coa información da composición dos órganos de governo e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvimento da súa actividade.
3. Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elles e ser informadas dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, impóna a sanción.
4. Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estimen contrarios á lei ou aos estatutos.

As persoas asociadas honorarias non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta. As persoas asociadas honorarias estarán facultadas para asistir ás Asembleas Xerais con voz, pero sen voto.

Artigo 10.- OBRIGAS.

Son obrigas das persoas asociadas:

1. Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
2. Pagar as cotas que se establezan.
3. Desempeñar os cargos para os que foron elixidas.
4. Acatar e cumplir os acordos validamente adoptados polos órganos de governo e de representación da asociación.
5. Acatar o contido dos estatutos.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11.- ÓRGANOS.

A dirección e administración da asociación serán exercidas pola presidencia, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 12.- PRESIDENCIA.

1. A persoa que ostente a presidencia da asociación será designada pola Asemblea Xeral entre as persoas socias e o seu mandato durará 2 anos. Nas súas funcións, contará coa asistencia dunha vicepresidencia, que se encargará das substitucións nos casos de vacacións, ausencia ou enfermidade.
2. A presidencia terá as seguintes atribucións:
 - a. Representar a asociación perante calquera organismo público ou privado.
 - b. Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
 - c. Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.



- d. Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e. Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa secretaría ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 13.- XUNTA DIRECTIVA E ASEMBLEA XERAL.

1. A Xunta Directiva estará formada polas persoas que ostenten os seguintes cargos: presidencia, vicepresidencia, secretaría, tesourería e vogais.
2. Os cargos que componen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuita, sen prexuízo do derecho a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificados en que poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.
3. As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.
4. A Asemblea Xeral será a competente para elixir os cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de dous anos, ánda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.
5. Os cargos cesarán na súa función por:
 - a) Falecemento da persoa física ou extinción da persoa xurídica.
 - b) Renuncia voluntaria.
 - c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos.
 - d) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptado por 2/3 das persoas asociadas reunidas en Asemblea Xeral extraordinaria, convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día de quen se encargue da sucesión.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera das persoas membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 7 persoas, que exercerán as funcións da presidencia, secretaría e tesourería.

Artigo 14.- ATRIBUCIÓNS DA XUNTA DIRECTIVA.

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Levar a xestión administrativa e económica da asociación.



3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
5. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas socias.
6. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novas persoas socias.
9. Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
11. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente á outro órgano da asociación.

Artigo 15.- ACORDOS DA XUNTA DIRECTIVA.

1. A Xunta Directiva será convocada dende a presidencia, a iniciativa propia ou a petición de calquera das persoas componentes.
2. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos das persoas asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis unha e, en todo caso, das persoas que ostenten a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

A persoa que ostente a secretaría ou, no seu defecto, a vogal que a substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

Artigo 16.- COMISIÓNDS DA XUNTA DIRECTIVA.

As persoas que forman a Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituir, co fin de delegar nelas o traballo específico sobre unha área de interese, a preparación de actos ou actividades e extraer delas as súas conclusións e valoracións. Formarán parte das ditas comisións o número de persoas asociadas que acorde a Xunta Directiva, a proposta das persoas encargadas das respectivas presidencias das comisións mencionadas.

Artigo 17.- ASEMBLEA XERAL.

A Asemblea Xeral de persoas asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por tódalas persoas integrantes desta. As persoas que ostenten a presidencia e a secretaría da asemblea serán as mesmas que as da presidencia e secretaría da Xunta Directiva.

Artigo 18.- REUNIÓNDS DA ASEMBLEA XERAL.



REGISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

A Asemblea Xeral reunirase con carácter ordinario, como mínimo, unha vez ao ano, e, con carácter extraordinario, cantas veces o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten, polo menos, o 10% das persoas asociadas. Neste último caso, realizarase por medio de escrito dirixido á presidencia, autorizado coas sinaturas das persoas solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 19.- ASEMBLEA XERAL ORDINARIA.

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirase necesariamente unha vez ao ano, no período que vai desde o 7 de xaneiro ata o 7 de marzo. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola presidencia da Xunta Directiva.

As notificacións faranse por correo electrónico, sempre contando coa confirmación de recepción da convocatoria de cada persoa asociada.

Artigo 20.- COMPETENCIAS DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA.

Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar o plan anual de actividades.
2. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
3. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Examinar e aprobar as cotas.

Artigo 21.- COMPETENCIAS DA ASEMBLEA XERAL EXTRAORDINARIA.

Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os estatutos da asociación.
2. Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva.
3. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
4. Acordar a disolución da asociación.
5. Designar as persoas liquidadoras.
6. Ratificar a expulsión de persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
7. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
8. Aprobar o regulamento de réxime interno da asociación.
9. As que, sendo de competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
10. Tódalas non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou á Xunta Directiva.



Artigo 22.- CONSTITUCIÓN DA ASEMBLEA XERAL.

A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis unha das persoas asociadas na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistencia, pero, en todo caso, coa presenza das persoas que ostentan a presidencia e secretaría ou as responsables da súa substitución.

Artigo 23.- ACORDOS DA ASEMBLEA XERAL.

1. Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple de persoas asistentes ou representadas, excepto os relativos aos apartados do 1 ao 7 do artigo 21, que requirirán maioría de 2/3. A continuación, levaranse os acordos ao libro de actas e asinarán as persoas responsable da presidencia e da secretaría da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría das persoas asociadas presentes.
2. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas socias, incluso ás non asistentes.
3. As sesións abriranse cando así o determine quen ostente a presidencia. Seguidamente, procederáse por parte da secretaría á lectura da acta da Asemblea anterior, que deberá ser aprobada.

Posteriormente, quen ostente a secretaría procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado pola persoa da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 24.- IMPUGNACIÓN DE ACORDOS.

Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdicción ordinaria.

Artigo 25.- SECRETARÍA.

1. Quen ostente a secretaría recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de persoas asociadas e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspónelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace da presidencia. Dende a secretaría levarase o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.
2. Nos casos de ausencia, vacacións ou enfermidade da secretaría, a presidencia designará entre as persoas que sexan vocais a unha que desenvolva esta función.

Artigo 26.- TESOURERÍA.

1. Dende a tesourería, recadaránse e custodiáranse os fondos pertencentes á asociación, daranse cumprimento ás ordes de pagamento que expida a presidencia, levarase a contabilidade da asociación, tomarase razón e levarase conta dos ingresos e dos gastos associativos e elaborarase o borrador de orzamentos da asociación, así como as contas de resultados e balances.



2. Quen ostente a tesourería terá a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro de cada ano, co fin de que as contas estean a disposición das persoas membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da Asemblea Ordinaria.

Artigo 27.- VOGALÍAS.

As persoas con vogalía terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28.- PATRIMONIO.

A asociación, no momento de iniciar as súas actividades, dispón dun patrimonio de 100 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural.

Artigo 29.- PRESUPOSTO.

A asociación funcionará en réxime de presupuesto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presupuesto será elaborado pola tesourería da asociación, e deberá estar preparado antes do 1 de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 30.- RECURSOS.


A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas das persoas asociadas.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre as persoas asociadas os recursos obtidos pola asociación.

Artigo 31.- COTAS.

A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará a cota ordinaria de carácter anual, que non será reintegrable en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.





Artigo 32.- CONTAS ANUAIS.

Anualmente, con referencia ao ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 33.- DISPOSICIÓN DE FONDOS.

Para a disposición de fondos das contas que a asociación teña nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta das persoas que ostenten a presidencia e tesourería da asociación.

CAPÍTULO V

DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 34.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO.

O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección de membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido a procedemento de resolución extraxudicial de conflitos como vía de solución a discrepancias asociativas e, en último, termo, ao orde xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 35.- MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.

Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes das persoas asociadas. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 36.- DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN.

A asociación disolverse voluntariamente por acordo das persoas asociadas, adoptado polas 2/3 partes das asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.

Artigo 37.- LIQUIDACIÓN.

1. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres persoas asociadas para liquidar que, xunto coa persoa responsable da presidencia e da tesourería, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.
2. haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na Comunidade Autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.



REXISTRO CENTRAL DE ASOCIACIONES
ESTATUTOS VISADOS

3. xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

DILIXENCIA: Dona María del Carmen Cajide Hervés, presidenta e dona Ana Collazo Carreira, secretaria da Asociación fan constar que estes estatutos foron modificados en Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en Pontevedra, o 11 de xuño de 2016, co obxecto de adaptalos ás expectativas actuais do colectivo. Nesta modificación tívose en conta os requisitos establecidos na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, seguindo o procedemento previsto no Real decreto 949/2015 de 23 de outubro polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións.

Para que conste aos efectos oportunos, asinamos en Pontevedra a 23 de xuño de 2016.

A PRESIDENTA

Mª del Carmen Cajide Hervés

A SECRETARIA

Ana Collazo Carreira

A TESOUREIRA

Lourdes Rodríguez Montes

A VICEPRESIDENTA

Purificación Leal Docampo

VOGAIS:

Ana Barreiro Barros

María Dolores Araujo Duarte

Emma Torres Romay